



¿COMO E CANDO?

Propoñemos un proceso en 3 etapas:

1ª etapa (Pre-Congreso) que se realizará no **ámbito diocesano**. Proponse traballar o documento “Un laicado en acción” en grupos. Esta fase rematará nun Encontro diocesano. Coas aportacións das dioceses elaborárase un *Instrumentum Laboris*.

2ª etapa (Congreso de Laicos), que se celebrará entre o 14 e o 16 de febreiro de 2020, en Madrid. Traballaranse, en grupos, catro itinerarios fundamentais: **Primeiro Anuncio, Acompañamento, Procesos Formativos e Presenza na Vida Pública**. O congreso terá dúas liñas transversais fundamentais: **A SINODALIDADE E O DISCERNIMIENTO**.

3ª etapa (Post-Congreso): concretaranse propostas e liñas de acción que impulsen e dinamicen o laicado, no ámbito das dioceses.

Para desenvolver este itinerario congresual é **fundamental garantir en cada diocese a maior participación posible** do laicado, asociado e non asociado, que requirirá un esforzo ilusionado para informar, animar e participar en todas as fases.

Para iso **podedes contar coa nosa colaboración** para explicar e resolver dúbidas, achegar ideas e mesmo, acompañaros nas dioceses para animar, dialogar, compartir, clarificar o que estemedes necesario.

Podedes contactar connosco a través das seguintes vías:

CONGRESO DE LAICOS 2020 COMISIÓN DE CONTENIDOS

Conferencia Episcopal Española
Comisión Episcopal de Apostolado Seglar

Persoas de contacto:
Luis Manuel Romero
Isaac Martín

913439717

contenidos@pueblodediosensalida.com
info@pueblodediosensalida.com

www.pueblodediosensalida.com



Séguenos nas nosas redes
Laicos2020



Madrid, 14-16 de febreiro de 2020

Proceso de preparación del
Congreso do Laicos

Ser signo e instrumento do anuncio do Evanxeo para a
vida do mundo.



¿POR QUE?

A Conferencia Episcopal Española, entre os anos 2016 e 2020, vén desenvolvendo un Plan Pastoral baixo o título “Igrexa en misión ao servizo do noso pobo”, inspirado na chamada á conversión misioneira que o Papa Francisco propuxo á Igrexa (EG 30).

O Plan de Pastoral prevé, ao remate do mesmo, a celebración dun Congreso, ao que se convocará a todo o Pobo de Deus –bispos, presbíteros, consagrados e laicos–.

Na Asemblea Plenaria de abril de 2018, os bispos decidiron que o mencionado Congreso se centrará no tema do laicado e encargaron a organización á Comisión Episcopal de Apostolado Segrar da CEE.

¿PARA QUE?

Por iso, o obxectivo xeral do Congreso é **impulsar a conversión pastoral e misioneira do laicado no Pobo de Deus, como signo e instrumento do anuncio do Evanxeo da esperanza e da alegría, para acompañar aos homes e mulleres, no seu camiño cara a unha vida máis plena.**

O Congreso, así como a súa preparación previa e o seu desenvolvemento posterior nas dioceses, debe servirnos para:

1. **Tomar conciencia** da vocación bautismal do laicado para a misión.
2. Promover “**a caridade política**”.
3. Transmitir, desde o discernimento, unha **mirada de esperanza ante os desafíos** da nosa sociedade.
4. **Fomentar a comunión**, como Pobo de Deus.
5. **Visibilizar a realidade do laicado.**



CLAVES DE FONDO

Durante este proceso teremos en conta as seguintes claves de fondo:

- **Escoitar ao laicado.**
- Vivir e practicar a **sinodalidade** e a **corresponsabilidade**, como Pobo de Deus.
- Exercitar o **discernimento** á luz da Palabra que transmite e vive a Igrexa.
- Promover **unha cultura do encontro** fronte á cultura do descarte.
- Impulsar un **laicado en saída e alegre**.

Será un proceso caracterizado por tres notas:

- **Sinodalidade:** camiñar xuntos.
- **Discernimento** da misión da Igrexa.
- **Espiritualidade** (EG 280).